



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

### ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE A GUARDA O DÍA 9 DE XULLO DE 2013

Na Casa Consistorial do Concello de A Guarda, sendo as oito horas e trinta minutos do día nove de xullo do ano dous mil trece, trala correspondente convocatoria, tivo lugar a sesión extraordinaria do Pleno deste Concello que foi presidida polo Sr. Alcalde, Don Jose Manuel Domínguez Freitas e contou coa asistencia dos seguintes concelleiros/as:

- D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Monserrat Magallanes Alvarez.
- D. Miguel Angel Español Otero.
- D. Paulino Rodríguez González.
- D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Teresa Vicente Baz.
- D. Antonio Lomba Baz.
- D. Manuel Javier Crespo González.
- D<sup>a</sup>. Carmen M<sup>a</sup> Castro González.
- D. Rafael Pablo Rodríguez Amenedo.
- D. Antonio Fontenla Martínez.
- D<sup>a</sup>. Hortensia M<sup>a</sup> Vicente Santiago.
- D. Javier González Verde.
- D<sup>a</sup>. Carmen Gloria Fernández Ozores.
- D. Xan Lois Lomba Alonso.
- D<sup>a</sup>. Hortensia García Díaz.
- D<sup>a</sup>. Beatriz Estévez Álvarez.

#### **Non asiste:**

- D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> de Fátima Iglesias Ferreira.

Actúa como Secretaria a da Corporación D<sup>a</sup>. Julia M<sup>a</sup> Carrasco González-Alegre, e a Interventora da Corporación, Dona Ana M<sup>a</sup> Vigo Fariña.

Sendo a hora sinalada, pásase a tratar dos asuntos que conforman a orde do día que foron legal e previamente notificados, seguintes.

#### **PUNTO 1º.- Recoñecemento extraxudicial nº 2/2013.**

O señor Alcalde da conta da seguinte proposta:

#### **“PROPOSTA DA ALCALDÍA**

**É obxecto da presente proposta o recoñecemento de cantidades adebedadas por este Concello polas facturas incluídas na relación de recoñecemento extraxudicial 2/2013, mediante o expediente de recoñecemento extraxudicial 2/2013 (relación que se adxunta). Tendo en conta que se trata duns servicios efectivamente realizados para ó Concello de A Guarda, decántome por non perxudicar a unhas empresas que realmente prestaron ós servicios polos que emiten as facturas, tendo en conta o importe que poden acadar os mesmos.**



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

### PROPOÑO O PLENO DESTE CONCELLO:

**Levanta-lo reparo e proceder a aprobación do recoñecemento extrajudicial de créditos 2/2013, polo importe das facturas incluídas na relación que se adxunta, ó recoñecemento das obrigas, para a súa imputación ás partidas correspondentes do Orzamento prorrogado do ano 2012 e posterior pago das facturas obxecto de aprobación do expediente nº 2/2013.”**

A señora Estévez Álvarez di que está de acordo con que as empresas deben cobrar, pero non está de acordo en que se faga así, pois deberían estar no orzamento. Votará en contra.

A señora García Díaz di que se van abster, non queren perxudicar ás empresas, pero pide que se presenten xa os orzamentos, para non ter que actuar con parches.

O señor Fontenla Martínez di que non están en contra de que as empresas cobren, pero anima ao equipo de goberno a presentar o orzamento, e di que se van abster.

Intervén a señora Magallanes Álvarez e di que isto non ten nada que ver con ter o orzamento aprobado, senón coa aplicación da lexislación en relación coas obrigas contraídas no exercizo anterior, posto que as facturas se refiren a servizos realizados no exercizo 2012, pero que foron presentadas no rexistro de entrada no 2013, polo que só cabe este mecanismo para aprobalas e pagalas. Explica que o 80% son gastos de electricidade de FENOSA, e xa se explicou a causa do retraso, pero insiste en que non ten que ver unha cousa coa outra.

Sometida a votación a proposta foi aprobada co seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** Sres/as. Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Lomba Baz, Vicente Baz, Crespo González e Castro González (oito votos a favor).

**VOTOS EN CONTRA:** Sra. Estévez Álvarez (un voto en contra).

**ABSTENCIÓNS:** Sres/as. Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, González Verde, Fernández Ozores, Lomba Alonso e García Díaz (sete abstencións).

### **PUNTO 2º.- Expediente de modificación de crédito número 19/2013.**

O señor Alcalde da conta da seguinte proposta:

#### **“PROPUESTA-MEMORIA DA ALCALDIA**

**No desenvolvemento e execución do Orzamento do Concello de A Guarda para o exercizo de 2013, obsérvase a insuficiencia de determinadas partidas do Estado de Gastos para atender necesidades que non se poden demorar relativas as subvencións a institucións sin fins de lucro de acción social, institucións sin fins de lucro de promoción e difusión da cultura e a institucións sin fins de lucro de educación física, deportes e esparcemento .**



# CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

De conformidade cas disposicións vixentes, cando deba realizarse algún gasto para o que non exista partida orzamentaria no Orzamento vixente, ou sexan insuficientes as dotacións previstas no mesmo, o Concello de A Guarda poderá acordar a concesión de crédito extraordinario ou de suplemento de crédito. A devandita modificación de créditos deberá atenderse, indistintamente, co remanente líquido de Tesourería dispoñible no momento da tramitación do expediente, procedente do sobranse da liquidación do exercicio anterior, con novos ou maiores ingresos recadados sobre os totais previstos no Orzamento corrente ou ben anulando ou minorando o crédito necesario de outras partidas do Orzamento cujas dotacións se estimen reducibles, sen perturbación do respectivo servizo. Tamén poderá financiarse con recurso procedentes de operacións de crédito nos casos previstos no artigo 36 do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril.

Esta Alcaldía, co debido asesoramento dos técnicos municipais, estima procedente tramita-lo correspondente expediente de crédito extraordinario ou de suplemento de crédito, cujos recursos nutriranse con cargo a minoración de crédito de outras partidas, e na súa virtude, previo estudo das necesidades, de carácter inaprazable, que neste momento ten o Concello, somete a consideración do Pleno do Concello, previo informe de Intervención, as modificacións que a continuación se detallan:

## 1º.- CREDITO EXTRAORDINARIO

### a) Concesión de créditos extraordinarios (partidas non dotadas no orzamento)

Partida Orzamentaria	FINS A QUE SE DESTINAN OS CREDITOS E CAUSAS DA SUA NECESIDADE	CONSIGNACION
231.489.00	Transferencias a Institucións sin fins de lucro de acción social	17.500,00
334.489.00	Transferencias a institucións sin fins de lucro: Promoción a difusión da cultura	48.500,00
342.489.00	Transferencias a Institucións sin fins de lucro: Educación física, deportes e esparcemento	57.200,00
920.468.00	A Entidade Local Menor de Camposancos	1.778,00

## RESUMEN

Total Créditos extraordinarios..... 124.978,00

IMPORTE TOTAL DE LA OPERACIÓN..... 124.978,00

## FINANCIACIÓN



# CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

## BAIXAS

<b>PARTIDA ORZAMENTARIA</b>	<b>CONSIGNACIÓN ANTES DE ESTE EXPEDIENTE</b>	<b>BAIXA QUE SE PROPÓN</b>	<b>TOTAL CONSIGNADO RESULTANTE</b>
151.227.06.03	63.184,43	63.000,00	184,43
440.214.00	91.361,05	61.978,00	29.383,05
<b>TOTAL BAIXA</b>		<b>124.978,00</b>	<b>29.567,48</b>

**Por todo o anteriormente exposto:**

**PROPOÑO O PLENO DO CONCELLO:**

**Aprobar provisoriamente o expediente administrativo de modificación de créditos nº 19/2013, mediante crédito extraordinario esuplemento de crédito por un importe de 124.978,00 Euros.**

**O expediente administrativo de modificación de créditos nº 19/2013 entenderase aprobado definitivamente, sen necesidade de novo acordo plenario, se no período de exposición ao público de aquel non foran presentadas reclamacións.”**

A señora Estévez Álvarez fai referencia ás alegacións que presentaron no orzamento do 2012, e di que na lista aparecen subvencións das que se queixaron, e di que figuran algunhas que non son unha asociación cultural, senón unha persoa física. Di que hai asociacións que fan uso privativo de locais, e non se contabiliza. Alégralles que se fixera caso á súa alegación 66, en relación coa festa do Monte, pero queren máis medidas das sinaladas na súas alegacións. Votarán en contra, pediron un listado que non concorda coa proposta da Alcaldía.

O señor Lomba Alonso di que esta modificación ten que ver con non ter orzamento para o 2013, se ven repetindo nos últimos anos, e cada vez se atrasa máis, seguen sen telos, e se trae esta proposta, pero se houbera orzamento a tempo non teríamos que facer estas “chapuzas”. Di que se lle facilitou un listado de subvencións no que bota de menos 1300 euros, que non están asignados a ninguén. Pensa que o non ter aprobado o orzamento fai que se teñan que baleirar partidas, como a correspondente ao ferry ou ás 21 licenzas, partida que foi xerada neste Pleno e o BNG advertiu que era unha gran “milonga”, pois a día de hoxe quedan 184 euros, e se pregunta como lles explican isto aos afectados. Di que esta partida xa foi consumida con anterioridade. Sinala que o BNG non apoia este punto, e non porque non entenda que as asociacións non teñan dereito a esas subvencións, senón porque o que tiñan que traer ó Pleno é o orzamento do 2013. Votarán en contra.

O señor Fontenla Martínez di que non poden facer culpables, pero ano tras ano hai moitas modificacións e cambios, e hai xente que precisa os cartos, polo que ou apoian a proposta ou se absteñen, porque doutro xeito a xente non cobraría, polo que se van abster.

Intervén a señora Magallanes Álvarez e di que hai descoñecemento nas intervencións, posto que se trata dunha práctica habitual nos Concellos, xa que xurden partidas, necesidades,



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

ou subvencións novas. Explica que o orzamento é unha previsión, e a execución do orzamento é a realidade, o que se vai facendo. Resulta imposible que non se fagan modificacións ou transferencias, todos os Concellos o fan. Se teñen feito, por este equipo de goberno, máis de dous orzamentos nun ano, é a primeira vez que o orzamento está prorrogado, e di que estiveron sen Interventor un periodo moi longo, e despois cunha persoa que viña un día á semana. A partir de abril se incorporou a Interventora e tiveron un traballo inxente, actuando por prioridades: o primeiro foi facer a liquidación, presentada en prazo; e se fixo traballo sobre o orzamento, e así, o Capítulo I de persoal foi sometido en febreiro á Mesa de Negociación. Di que está practicamente rematado, e prefiren prorrogar as subvencións nominativas e cunha única modificación, a agora con tempo darlles traslado da proposta de orzamento para que fagan as apreciacións que estimen pertinentes. Di que este é o trámite máis áxil para adiantar o 80% das subvencións, e sinala que o orzamento o terán en breve.

O señor Lomba Alonso di que se intenta arranxar con simplismos, haberá que priorizar, e o orzamento é moi importante, ten que ser dinámico, pero primeiro hai que telo. Entenden que as asociacións teñen que recibir as subvencións, pero non entrarán neste “conchabeo”. Di que se trata dun problema do equipo de goberno, e pide que se lle aclare esa diferenza de 1300 euros.

A señora Magallanes Álvarez di que se deixa unha cantidade a maiores, por se hai que facer aportacións, para ter crédito e cobertura en situacións que poidan darse, igual que todos os anos.

Sometida a votación a proposta foi aprobada co seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** Sres/as. Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Lomba Baz, Vicente Baz, Crespo González e Castro González (oito votos a favor).

**VOTOS EN CONTRA:** Sres/as. Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (tres votos en contra).

**ABSTENCIÓNS:** Sres/as. Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, González Verde e Fernández Ozores (cinco abstencións).

**PUNTO 3º.- Proposta da Alcaldía de inicio de licitación da explotación da Cafetería da Estación Marítima da Pasaxe.**

O señor Alcalde da conta da seguinte proposta:

### **“PROPOSTA DA ALCALDÍA (PROVIDENCIA DE INICIACIÓN)**

**Vista a memoria da concelleira delegada en relación coa contratación da xestión do servizo de explotación da cafetería da Estación Marítima do Concello da Guarda mediante un contrato de xestión de servizos públicos, a través de concesión, e resultando de gran interese a prestación deste servizo**



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

### **Propoño ó Pleno a adopción do seguinte ACORDO:**

**1.- INICIA-LA contratación da xestión do servizo de explotación da cafetería da Estación Marítima do Concello da Guarda mediante un contrato de xestión de servizos públicos, a través de concesión, por procedemento aberto, cunha duración de 16 anos, e un canon anual de 7.000 euros.**

**A contratación é necesaria para os fins de levar a cabo a instalación, explotación e posta en funcionamento do establecemento destinado a cafetería na Estación Marítima de Pasaxe, no Concello de A Guarda, que asumiu a súa explotación e o custo da conservación, mantemento e, no seu caso, mellora, mediante a licitación, contratación e execución das obras necesarias a tal efecto, en virtude de Convenio entre o Concello de A Guarda e o Ente Público Portos de Galicia para o mantemento, conservación e explotación da Estación Marítima de A Pasaxe en data 9 de xuño de 2004, o cal xustifica a súa contratación. Visto o informe técnico de valoración das inversións necesarias para poñer en funcionamento o servizo e co obxecto de favorecer o inicio da explotación, o adxudicatario terá a obriga de facer fronte á financiación total das obras necesarias, así como a dotación do mobiliario e o equipamento de hostelería que sexa necesario, polo que se propón o inicio do pago do canon polo adxudicatario a partir do cuarto ano dende o inicio de explotación da cafetería.**

**2.- Solicitar a emisión de informes por parte dos servizos económico e xurídicos municipais, así como a redacción dos pregos de cláusulas técnicas e económico-administrativas particulares que debe servir de base para a adxudicación do contrato.”**

A señora Estévez Álvarez di que votarán en contra, deberían aparecer máis cousas nas bases. Cren que no informe do Aparellador hai cousas que deberían entrar, como os canalóns de desagüe ou a separación do cadro eléctrico.

O señor Lomba Alonso di que votarán en contra, pois cren que serían axeitada unha explotación directa polo Concello.

O señor Fontenla Martínez di que cando se trouxo este asunto por segunda vez, pois entende que isto é o inicio da tramitación, eles fixeron aportacións e esperan que sexan incluídas nas bases.

O señor Español Otero di que xa foi debatido, o equipo de goberno pasará un borrador dos pregos aos grupos. Diríxese ao BNG, que reiterou o seu voto en contra, e di que xa se deron razóns sobradas na Comisión de Asuntos Plenarios polas que se contravendría a lexislación actual se se fixera unha contratación de persoal para facer a xestión directa, consideran que a xestión indirecta é a máis axeitada. Nas bases se incluírá a minoración proposta polo PP, e di que se lles pasará o borrador dos pregos.

Sometida a votación a proposta foi aprobada co seguinte resultado:



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

**VOTOS A FAVOR:** Sres/as. Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Lomba Baz, Vicente Baz, Crespo González e Castro González (oito votos a favor).

**VOTOS EN CONTRA:** Sres/as. Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (tres votos en contra).

**ABSTENCIÓNS:** Sres/as. Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, González Verde e Fernández Ozores (cinco abstencións).

**PUNTO 4º.- Proposta a Alcaldía de finalización de expediente de investigación de oficio da rampa da Cal.**

O señor Alcalde da conta da seguinte proposta:

“Recibida no Rexistro de Entrada do Concello da Guarda ( RE 516) con data 28 de xaneiro de 2010 a sentenza dictada pola Sección 2ª da sala do Contencioso-Administrativo do TSXG, no recurso de apelación 4327/2008, seguido a instancia de dona Mercedes Márquez Lomba, no que se estima o recurso interposto e condea ó Concello da Guarda a incoar, tramitar e resolver expediente de investigación de oficio do terreo ocupado pola rampa existente diante do inmovible número 159 da rúa Cal do Concello da Guarda, mediante acordo do Pleno do Concello da Guarda de data 26 de marzo de 2010 acordouse o inicio do expediente de investigación de oficio, que foi obxecto da tramitación correspondente.

Tendo en conta que en data 6 de xullo de 2012 foi emitido informe por parte de Arquitecto Técnico Municipal, no que conclúe que *“...o técnico que suscribe non ten argumentos documentais suficientes nos que se basear para poder acreditar e certificar dun xeito fehaciente a cesión da vía pública, e por tanto a titularidade pública do mencionado espazo ocupado pola rampa, xurdida do retranqueo do portal”*.

Tendo en conta o contido do citado informe, e tra-las comprobacións feitas na documentación obrante no Concello, no catastro antigo, no actual catastro, no Inventario de Bens Municipal e no Rexistro da Propiedade, non cabe concluir de modo taxativo o carácter público do ben

**CONSIDERANDO** que foi emitido informe por parte da Secretaria Municipal, que obra no expediente, e vistos os artigos 48 e seguintes do Regulamento de Bens das Entidades Locais

**Proponse ó Pleno a adopción do seguinte ACORDO:**

1.- Finalizar o expediente de investigación de oficio iniciado en orde a averiguar a propiedade do terreo ocupado pola rampa existente diante do inmovible número 159 da rúa Cal do Concello da Guarda, resolvendo que de acordo cos datos obrantes no mesmo, non é posible determinar o carácter público do terreo no que se asenta a rampa en cuestión.



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

**2.- Notificar o presente acordo persoalmente ós propietarios colindantes da parcela, e ós interesados no procedemento, poñendo de manifesto que o coñecemento das cuestións de natureza civil de que se susciten con ocasión da investigación practicada corresponderá á xurisdicción ordinaria.**

**3.- Publicar o presente acordo no BOP e no Taboleiro de Anuncios do Concello da Guarda.**

**4.- Comunicar o presente acordo á Sección 2ª da sala do Contencioso-Administrativo do TSXG e ó Xulgado Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra.”**

A señora Estévez Álvarez di que non será impedimento para que se aprobe, se vai abster.

O señor Lomba Alonso di que se van abster.

O señor Fontenla Martínez di que se trata dun trámite legal e se van abster.

O señor Español Otero di que xa está explicado, foi imposible determinar o carácter público do terreo, él sostivo sempre que alí non existe ocupación da vía pública, pois non hai unha edificación, nin barreira nin nada, isto é froito dun litixio entre dous veciños, que naceu mal e no que o xuíz xa debiera haber determinado, este proceso conclúe así, pois os técnicos non poden determinar o carácter público do ben.

Sometida a votación a proposta foi aprobada co seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** Sres/as. Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Lomba Baz, Vicente Baz, Crespo González e Castro González (oito votos a favor).

**ABSTENCIÓNS:** Sres/as. Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, González Verde, Fernández Ozores, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (oito abstencións).

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as nove horas e dez minutos o Sr. Presidente levanta a sesión, de todo o que eu, como Secretaria, dou fe.

Visto e Prace  
O Alcalde - Presidente,

A Secretaria,

José Manuel Domínguez Freitas

Julia María Carrasco González-Alegre